



# ESCOLA DE MÚSICA DA ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL SEMENTEIRA

XOVE BANDA DE NARÓN

# XOVE BANDA DE NARÓN

*A. C. M. Sementeira - Narón*



Foto: Irene Picallo. Concerto de fin de ano. 30/12/11. Pazo da Cultura, Narón.

## UN POUCO DE HISTORIA

- A Asociación Cultural Musical Sementeira asume no ano 1993 a responsabilidade de rexer os destinos da banda e a titularidade das escolas de música, nas cales reciben formación máis dun centenar de rapazas e rapaces.
- A simbiose escolas de música-banda confírelle a esta asociación un carácter referencial a nivel provincial, tanto no que se refire á formación musical non regrada como á consecución dunha agrupación bandística estable, como é Xove Banda de Narón. Ela é o reflexo máis emblemático do intenso labor de formación que vén desenvolvendo esta asociación, pois nela conviven e complementáanse de forma harmoniosa ambas as actividades.
- A Xove Banda de Narón nútrese de músicos procedentes das propias escolas, tras o seu paso pola banda infantil, onde o alumnado aprende a facer música de conxunto e experimenta o pracer de comunicar e comunicarse mediante un discurso musical-educativo compartido.
- Durante estes anos, a banda levou a cabo unha intensa actividade divulgativa da súa música e realizou concertos en multitude de vilas e cidades de Galicia. No ano 1999 participa no certame nacional de bandas de música da cidade de Murcia. Tamén realizou intercambios con bandas doutros lugares da xeografía española: Castellón, Madrid, Asturias... No ano 2002 participou nun proxecto de intercambio europeo na cidade de Rotterdam (Holanda). No ano 2003 actuou no Centro Galego de Salamanca e no Centro Galego de Santa Cruz de Tenerife. No ano 2004 realizou unha saída cultural a Barcelona para actuar no Centro Galego Saudade da cidade condal. No ano 2005 viaxou á cidade de Huelva para actuar en dúas localidades da provincia: La Redondela e Isla Cristina. No ano 2006 fixo unha saída cultural a Madrid para actuar na Catedral da Almudena e na Praza Maior.
- No 2002 sae á luz a súa primeira gravación, coa colaboración da cantante mezzosoprano María José Ladra. Nela recóllense pezas musicais das dúas bandas, a banda infantil e a Xove banda. No ano 2005 gravouse en colaboración coa Deputación da Coruña: Inquedanzas, un segundo disco onde se recollen pezas do folclore galego combinadas coa música máis moderna, feita para banda de música. Acaban de gravar no ano 2010 o terceiro dos seus discos cunha mostra de música moderna e popular sempre para banda de música.
- No ano 2008 participan por primeira vez no certamen Galego de Bandas de Música organizado pola Federación Galega de Bandas acadando o terceiro premio da Segunda Sección, e no seguinte ano 2009 repiten o Terceiro premio pero esta vez da Primeira Sección.
- O director da Xove Banda de Narón é na actualidade Francisco San Ramón Calvo.

# ESCOLA DE MÚSICA





# QUE TEMOS NA ESCOLA

- **PENSAMOS QUE O APRENDIZAXE DA MÚSICA TEN QUE ESTAR SOCIALIZADO PARA O MÁXIMO DE PERSOAS POSIBLES. ESTAR AO ALCANCE DE TODOS E SOBRE TODO NON SER ELITISTA**
- **NA ASOCIACIÓN PODEN APRENDER MÚSICA NENOS E NEAS DENDE O 5 ANOS ATA A IADE ADULTA**
- **A FINALIDADE PRINCIPAL DESTA ESCOLA É FORMAR MÚSICOS PARA A NOSA BANDA DE MÚSICA**

# NA CLASE





# CLASES

## ➤ TEMOS:

- **MÚSICA E MOVIMENTO 5 ANOS**
- **INCIACIÓN AO LINGUAXE MUSICAL 6 ANOS**
- **LINGUAXE MUSICAL E INSTRUMENTOS A PARTIR DOS 7 ANOS**


# INSTRUMENTOS

➔ POIS..... TÓDOLOS OS QUE PODES ATOPAR NUNHA BANDA DE MÚSICA

➔ FRAUTA TRAVESA, OBOE, FAGOT, CLARINETE, SAXOFÓN

➔ TROMPETA, TROMPA, TROMBÓN, BOMBARDINO E TUBA

➔ PERCUSIÓN





# VENTO MADEIRA

flauta



clarinete



fagot



oboe



# VENTO METAL





# Percusión





# NESTA ESCOLA PODES APRENDER.....

- 
- **¿ QUE É A MÚSICA?**
  - **¿PORQUÉ É IMPORTANTE A MÚSICA?**
  - **QUE É UNHA BANDA DE MÚSICA?**
  - **CANTOS INSTRUMENTOS TEN A BANDA?**
  - **COMO SÓA CADA UN DELES?**
  - **POR QUE SENTAN DUNHA DETERMINADA FORMA?**
  - **DE QUE TIPO SON INSTRUMENTOS QUE SOAN NUNHA BANDA DE MÚSICA?**
  - **É DIFICIL TOCAR?**

- 
- **CANDO DECIDIMOS APRENDER MÚSICA, AINDA NON SOMOS CONSCIENTES DO PASO IMPORTANTE NA NOSA FORMACIÓN QUE IMOS DAR:**
  - **É UN NOVO LINGUAXE, QUE COMPRENDE TODO O MUNDO.**
  - **SOMOS CAPACES DE DESENRROLAR APTITUDES E HABILIDADES QUE NON ÉRAMOS CONSCIENTER DE TER.**
  - **IMOS SER CAPACES EMOCIONAR OS QUE NOS ESCOITAN. ETC.....**



**TODOS OS MÚSIC@S QUE TOCAMOS EN GRUPO TRABALLAMOS EN VALORES  
MOI IMPORTANTES QUE SEMPRE TEMOS QUE TER ENCONTA NA NOSA  
FORMACIÓN HUMANA. PARTICIPAR NUN GRUPO REQUIRE ENTRE OUTROS DA:**

- **AMISTADE**
- **RESPETO**
- **SINCERIDADE**
- **PACIENCIA**
- **VOLUNTADE**
- **COMUNICACIÓN**
- **PUNTUALIDADE**
- **RESPONSABILIDADE**
- **SOLIDARIDADE**
- **LEALTADE, ETC.....**


**Aquí puedes  
hacer música  
para  
divertirte con  
tus amigos**



**PERO:.....  
TAMEN PODE SER  
UNHA  
PROFESIÓN DE  
FURTURO**





- 
- **POR ISO QUEREMOS DESPERTAR NA XENTE A CURIOSIDADE POLA MÚSICA.**
  - **E QUEREMOS QUE SAIBAS QUE PODES APRENDER AQUÍ, NO TEU CONCELLO, EN NARÓN TODAS ESTAS GRANDES COUSAS.**
  - **QUEREMOS CONVIDARCHE A FORMAR PARTE DESTE GRAN PROXECTO QUE É A XOVE BANDA DE NARÓN.**
  - **PODES VIR APRENDER CON NÓS. TEMOS UNHA GRAN ESCOLA DE MÚSICA NA QUE PODERÁS APRENDER TODO O QUE VAS A VER E ESCOITAR.**
  - **ESPERÁMOSTE.**



# informate

ESTAMOS NO PAZO DA CULTURA EN NARÓN

<http://xovebandadenaron.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/xovebandadenaron>

[bandasementeira@hotmail.com](mailto:bandasementeira@hotmail.com)

TELEFONO. 669458267